


# CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS

15-16 de decembro do 2018

## III DO TEMPO DO ADVENTO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
CO POBO DE SIRIA QUE SOFRE UNHA GUERRA INXUSTA,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE  
E COA NATUREZA MALTRATADA POLOS INCENDIOS



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

**CANTO** 🎵 *nº 38* *Que veña Deus á nosa terra*  
**SAÚDO DE BENVIDA**

### *Celebrante*

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos en comunidade no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

Dá comezo hoxe a terceira semana do advento preguntándonos, como no Evanxeo lle preguntaban ao Bautista, : E nós, que debemos facer?.

En primeiro lugar, non debemos deixar pasar os días sen darlle a ilusión necesaria para sentir a cercanía do encontro co que ven e se fai á nosa beira.

E en segundo lugar, facer partícipes aos demais desa mesma ilusión, sen olvidar aos que máis precisan dela: os sós, os maiores, os que senten a lexanía da súa familia, e, sobre todo, os que non son respectados por ninguén e non teñen o mínimo para ser considerados coma persoas.

Antigamente este domingo denominábase como “Gaudete”: Domingo da alegría. Sexamos portadores da alegría que nos trae a chegada do Neno Deus ás nosas vidas.

## ACENDIDO DA COROA DO ADVENTO

**Celebrante:** *A coroa do advento segue marcando o ritmo do noso agardar ao Señor. Pouco a pouco imos ir atopando a luz que nos alumea no camiño da espera e o encontro con Deus e cos demais.*

*Alguén se achega á coroa do advento mentres se canta*

**CANTO** 🎵 *nº 38 “que veña a luz á nosa terra”*

**Monitor/a:**

Hoxe deixámonos alumear polas persoas que transmiten e son testemuñas de alegría:

agradecemos a labor de quen pon un sorriso cando comparte cun veciño, cando dá unha man na parroquia, cando colabora en familia,

agradecemos a labor de quen pon agarimo cando colabora con organizacións que traballan polo ben de cantos se senten empobrecidos,

agradecemos a labor de quen pon un sorriso e non se deixa levar pola rutina.

*E acéndese unha das velas da coroa, mentres se canta*

**CANTO** 🎵 *nº 38 “que medre a luz na nosa terra”*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior; lembramos ás persoas que viven sen esperanza e que esperan a luz de vivir na fraternidade e no amor.

*(silencio)*

Deus, noso Pai,

xa ves como o teu pobo espera con fe o nacemento do teu Fillo.

Encamiña o noso corazón

cara á ledicia de tan grande misterio,

para que así celebremos a nosa salvación

cun espírito verdadeiramente novo.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina

por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *San Paulo fálanos da proximidade do Señor e invítanos a estar alegres por iso. Xoán Bautista móstralle aos que van xunto a el o camiño da conversión para poder vivir nesa alegría. escoitémolo.*

*No Leccionario I – C páxina 10*

**LECTURA**

## LECTURA DA CARTA AOS FILIPENSES

🎵 *nº 7 “Andarei na presenza do Señor”* **SALMO**

*(en pé) No Leccionario I – C páxina 10* **EVANXEO**

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

**(sentad@s)** gardamos uns instantes de silencio para acoller a Palabra no corazón

## PROFESIÓN DA FE

**Celebrante:** Neste encontro parroquial e querendo preparar os camiños para acoller a Xesús que ven onda nós, damos resposta da nosa fe diante dos demais dicindo:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

### **Monitor/a**

Credes en Deus Pai, que nos acompaña no camiño na procura de dereitos humanos que cheguen a todas as persoas?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes en Xesús, que se achega a todos nós, que nos convida a estar alegres pola súa boa nova, e que nos alenta a rachar coas rutinas?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes no Espírito de Deus que nos alenta a compartir cos de corazón esnaquizado e a loitar pola liberdade?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes na igrexa, comunidade e terra na que o Señor fai saír gromos de paz e fai brotar as sementeiras da xustiza e da alegría?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

## (en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante** Oremos ao Señor, noso Deus. Quen espera nel necesita preparar o camiño. Oremos dicindo

### VISITA AO TEU POBO, SEÑOR

### **Monitor/a**

1. Rezamos cos que no Terceiro Mundo traballan para que haxa máis pan, máis paz e máis xustiza, e agradecemos o seu testemuño. Oremos
2. Rezamos recordando a todas as persoas que para nós teñen sido unha luz e un apoio grande na vida, e agradecemoslle que non cansen de facer o ben. Oremos
3. Rezamos polas nosas familias, polos nosos veciños, pois con todos queremos seguir facendo irmandade cristiá nas cousas da vida de cada día, e agradecemos que sigan dando unha man. Oremos
4. Rezamos polos que non son libres, polos deprimidos, polos rotos de corazón, desexamos ser luz nas súas vidas e agradecemos a cantos loitan por facer realidade o evanxeo. Oremos

**Celebrante:** *Amósanos, Señor, a túa misericordia e dános a túa salvación. Por Xesucristo, noso Señor. Amén*

### 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

#### NOSO PAI

**Celebrante:** Deus camiña cerca. Cerca de quen é capaz de amosar un sorriso a pesares das dificultades da vida, cerca de quen é capaz de loitar con valentía por defender os dereitos de cantos son tratados inxustamente, cerca de quen camiña na procura dunha Boa Nova que se fai realidade. Deus está en nós, e xuntos queremos dicirlle

NOSO PAI ...

#### SIGNO DA PAZ

**Celebrante** As nosas mans abertas falan de acollida, falan de ofrecer o mellor aos demais, falan de esforzo pola dignidade de todos. Falan do empeño por botar abaixo muros, e erguer camiños e pontes para a fraternidade.

Que o Deus da paz nos alente para ser luz de Nadal.

**CANTO** ♪ n° 38 *Que medre a paz na nosa terra*

#### COMUÑÓN

**Celebrante:** Compartimos a mesa coa que Deus nos agasalla. Fagamos sitio a Aquel que quere nacer no medio de nós no Nadal.

Ditosos todos nós convidados hoxe a este pan do Señor.

**CANTO** n° 58 *Acharte presente na vida*

### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

#### ORACIÓN FINAL

##### *Celebrante*

Oramos a ti, Señor, e pedimos que volvas para nós os teus ollos compasivos. Fai que o noso compartir de cada día nos achegue a celebrar con verdadeira ledicia as próximas festas do Nadal. Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

*Alegrémonos porque o Señor está cerca.*

*Alegrémonos porque temos ao noso lado, xunto a nós, aos irmáns.*

*Alegrémonos por tratar de facer da nosa Unidade Pastoral unha comunidade acolledora con todos.*

##### *Avísase das misas (ver folla do mes)*

*Avisamos das visitas de Nadal a todas as persoas que por idade ou saúde xa non participan das celebracións da parroquia. Avisar e iremos gustosos.*

*Outra lembranza: o vindeiro venres na igrexa de Fornelos vai haber un concerto de panxoliñas de nadal. Organiza a escola de música, e vai ser a cargo de dúas corais. Seguro que vai valer a pena, para recordar panxoliñas de antes e outras máis recentes. Hai que animarse e pode ser un bo xeito de achegarnos ás festas de Nadal. IMPORTANTE: VENRES ÁS SETE DA TARDE, NON ÁS OITO.*

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,  
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal  
e nos leve á vida eterna. Amén*